

# Un conto rompe-tabús

## Marilar Aleixandre



Medrei na estrema entre dous continentes e aos tres anos aprendín a contar (wahit, tnayn, trata, arb'a, xamsa) en árabe, dun home que viña vender ovos á casa en Ceuta. Contar, os contos que lle contaba aos meus irmáns cando quería que fixesen algo por min. Aprendín a escribir redactando panfletos para revistas clandestinas, que eran as máis interesantes no tempo en que eu estudaba bioloxía en Madrid. Agora traballo na universidade de Santiago de Compostela, talvez a única cidade onde hai unha catedral construída sobre a tumba dun predicador decapitado por herexe, como contei en *Tránsito dos Gramáticos* (1993). Teño o outro pé en Cee, na Costa da Morte, onde están situados os relatos de *Lobos nas illas* (1996), historias infantís como *A vaca de Fisterra* (2003) ou os poemas de *Desmentindo a primavera* (2003) e de *Abecedario de árbores* (2006). Os meus libros acadaron diversos premios, entre eles o Esquíu por *Catálogo de Velenos* (1999), o Xerais e o San Clemente de novela por *Teoría do Caos* (2001), e dos de literatura infantil e xuvenil o Lazarillo por *A Banda sen Futuro* (1999), o Merlín e o da Crítica de Galicia por *A expedición do Pacífico* (1994) ou a lista White Raven por *Paxaros de Papel* (2001). *Rúa Carbón* (2005) é a miña última novela publicada.



# Eu era a fame

Marilar Aleixandre

Disque este foi ano de fame, mais eu, desde que nacín, non lembro un de fartura. O pasado houbo malas colleitas. Na estivada que anovou Xacinto traballando arreo, disputándolle a croíña aos toxos, veu a peste do caruncho e levou o centeo todo. Sementa centeo, dicía seu pai, comeredes pan negro mais outra cousa non medra nesta terra ruín, o trigo non ha aturar o inverno. Tamén nosoutros somos xente de centeo. Ao perder a colleita, Xacinto asañoouse, marchou buscar traballo xalundes e non volvemos ter noticias del. É así, miña filla, os homes marchan e nosoutras aturando o inverno. Eu, véndome preñada de novo, a pesar de estarlle dando de mamar a Saludina, quixen desfacerte co caruncho, recollín unha presa de cornechos mouros, leveinos durante varios días nun peto do mandil sen decidirme a usalos. Das tres flores do centeo só se logran dúas, a terceira aborta. Talvez fose mellor. Non chegaríamos a isto.

Como saber se o que te levou foi a febre ou a fame. Tremeli-cába-che o corpo, fervíanche as tempas. E a fame aseñorándose da casa. Non tiña leite abondo para Saludina e erades dous. Para comer, castañas maias mentres duraron, patacas vellas, primeiro as codias. Logo o que podía apañar no monte ou nos toutizos, herba da fame, ortigas fervidas. Hai tres días Carme, a veciña, deume un nabo medio comesto polos vermes. Hai dous, erguéndome no medio da noite, roubeille un ovo no galiñeiro, fíxenlle un furado por riba e outro por baixo, zугueino cru. A casca boteina ao lume antes de matinar en que puiden comela, seica dá forza ao leite. Onte, nada. Á noite soñaba cun codelo de pan centeo. Como ía ter leite se até o sangue deixaba de correrme polas veas. A fame, rillando desde os meus

sangumiños, ía ocupando o seu lugar. Toda eu era un facho ardendo en lapas de fame.

Ía ao nacente procurar auga fresca, mollábache o corpiño para escorrentar aquela fervedura. E de golpe unha tremesía que abanea o teu corpo, unha friaxe. Ficas irto no meu colo. Chameite a voces, Cosme, Cosme, tentando enlearte cun rello inútil, o nome a penas pronunciado. A nena ouleaba. Ela sentira a morte castrando polas regañas das táboas. Eu non. E agora impotente, o teu corpo no colo, meu codechiño de centeo. Cubrín as túas mans de bicos, lambendo dos dedeiros a suor da derradeira ferventía. Metín os teus dedos baixo a lingua, para restituírles a calor. Despois, non sei como, encontréime cuspiendo os ósios. vezando nos brazos, nos ombros. Comungando coa túa carne, coa miña carne. Cosme, Cosme. Sen parar. Zugando o ovo de meu. A túa carne percorrendo o camiño de volta ao meu ventre, o sangue verténdose no meu sangue, esqueiroando a morte. O teu nome un fervón entre os ollos. Fel e cinzas baixo a lingua. Os ósos, envolvementos nun pano novo, soterrados baixo o capudre.

Saludina deixou de chorar. De mañá en oito días fará un ano. Se chegamos. Ao aleitala os seus dentiños mórdenme o bico do peito, como facía Xacinto hai tempo. Morde, miña nena, meu neno, máis forte. Volveu subir o leite, mesturado de sangue ou de bagullas. Morde, morde máis forte.